

“Traballo de Historia Oral”

Rosario Freire Paz

David Varela Ramos

Nome: Rosario Freire Paz

Idade:90 anos


Nacida en : O Fontao (8/09/1916) - Carantoña – Miño (A Coruña)

Residente en :A Coruña

Parentesco. Aboa

Este traballo ten tres partes; na primeira aparecen os datos pessoais da miña avoa, a segunda é como unha autobiografía, porque foi como ela foima contando e na terceira engado eu algunhas cousas, que eu sei e que ela non contou.

1ª parte




1917 – Miña avoa – O Fontao (Carantoña)

2ª parte

Chámome Rosario e nacín no Fontao, lugar de Carantoña hai 90 anos (1916), pasei alí a miña infancia, ós 6 anos (1922) empecei a ir á escola, pois nesa época non íamos ata os 6 anos, e tiñamos clase pola mañán e pola tarde. A escola era mixta, era un local pequeno e tiñamos un só profesor, estudabamos cunha enciclopedia, era un libro que tiña de todo, xeometría, historia, relixión, gramática, historia sagrada....., para as matematicas usabamos a pizarra, para escribir nela o pizarriño e para o demais unha libreta na cal escribíamos con plumín que mollabamos nun tinteiro que había na mesa e secabamos a tinta do caderno con papel secante.

Recordo que un dos primeiros libros que lin foi “El molino de los pajaros” que aínda o teño gardado.



Portada do libro “El molino de los pajaros”

A escola estaba a uns dous quilómetros, e íamos sempre andando. Á miña irmá de 8 anos e mais a mín levábanos unha irmá maior que tiñamos de quince anos que ía aprender a coser. Cando as nenas cumprían catorce anos tiñan que deixar a escola e ían traballar na casa, na terra, ou se empreaban ou emigraban.

Os xogos que faciamos, eran “o escondite”, onde un pandaba e os outros se escondían e o primeiro que encontrabas era o que pandaba despois. Tamén xogabamos á corda e “ó rolo” que se xogaba cunha chapa, era como “a mariola” tiñamos que debuxar no chan cun pao, se era de terra, ou cun ladrillo, se era de cemento, e debuxamos como un rectángulo con liñas polo medio , e tiñamos que ir saltando á pata coxa e ir tirando a chapa dun cadro a outro e tiñamos que pasar por todos os cadros.

Eramos 10 irmáns e vivíamos na casa cos meus pais e cos meus avós maternos, aínda que nunca vivimos os dez irmáns xuntos porque un morreu con catro meses e outro con quince anos emigrou a Cuba no ano 1915, cando eu aínda non nacera.

Ata os trece anos estiven na escola e despois ía a unha pasantía dúas horas pola mañá, aínda estaba máis lonxe que a escola, tiña que andar uns tres quilómetros.



1928 aprox. Tres irmás (Gonzalo, miña avoa e Carmen). Pontedeume

Ós 14 anos aprendín a coser alí no Fontao e aos 15 (1931) e 16 marchei a Coruña a aprender “corte” e alí vivía na casa dunha tía, e cando volvín ó Fontao o meu traballo consistía en axudar na casa e coser, aínda que tamén as veces íamos ás festas campestres, pero sempre cos meus irmáns porque soas non nos deixaban ir.

Cando eu era nena non tiñamos luz nas casas, alumeábamonos con velas e candis de gas e logo, máis tarde, con luces de carburo que se acendían cunha cerilla. Que eu recorde a luz puxéronola no ano 1929 aproximadamente, cando eu tiña 13 anos, e recordo que moitos veciños da zona viñan á miña casa a ver como era aquilo.

A auga collíamola dun pozo, pero tiñamos unha bomba que enchía un depósito que estaba no tellado da casa e así sempre tiñamos auga.

Cando eu era adolescente non tiñamos tele nin radio pero tiñamos un “gramófono” que era un tocadiscos que funcionaba con corda.

Cando eu era nena en España gobernaba o Rei Alfonso XIII e eu lembro cando marchou de España porque viña a República e el dicía que se foí porque non quería que houbera sangue, e foise coa súa muller e os seus fillos. O recordo que teño é de que a República durou pouco e o primeiro presidente foi Alcalá Zamora, aínda que nós non notamos case o cambio porque vivíamos no campo.



1926. Miña avoa á dereita cos seus pais e algúns dos seus irmáns. O Fontao (Carantoña).

Cando eu tiña 20 anos no 1936 foi cando Franco protagonizou o 18 de xulio o “Alzamento Nacional”, lembro iso con medo porque comezou a guerra e as tropas pasaban por alí, ós meus curmáns querían levalos á guerra e eles escondíanse na miña casa, ademais oíamos e víamos continuamente os avións de guerra.

Nos non pasamos fame porque tiñamos vacas, galiñas, porcos e tiñamos terras onde se plantaba de todo, millo, patacas, leituga, tomates, e ademais tiñamos forno e tódalas necesidades estaban cubertas. Na casa no piso de embaixo estaba o gando e a cociña, e enriba tiñamos as habitacións.

A guerra foi de sorpresa, enterámonos dela porque fomos a Pontedeume e pasaban os mineiros armados en camioneta e vestidos de soldados, así foi como nos enteramos porque nesa época non tiñamos televisión nin radio e aínda que estabamos abonados ó xornal “O Ideal Gallego” non viña tódolos días, mandabanolo da Coruña e recollíamolo cada oito días en Pontedeume.

Dous dos meus irmáns participaron na guerra, o maior Pepe que tiña 25 anos estaba embarcado porque era maquinista da Armada, aínda que nese momento estaba de vacacións na casa. Cando exército colleu Ferrol meu irmán embarcou no Acorazado “España” e morreu no ano 1937 na bahía de Santander dentro do barco que foi bombardeado por un submarino.

O outro irmán que participou na guerra foi Gonzalo, que era máis xoven ca min e non foi ao principio, chamáronno no ano 1938 e estivo na retaguarda e pasou todo o tempo en Ferrol.



1935. Miña avoa é a da dereita, está co seu avó (Xoán Paz) e con dous irmáns (Dulce M^a e Gonzalo). Fontao – Carantoña.

A emigración foi antes da guerra, no reinado de Alfonso XIII, porque aquí non había traballo, e España era moi pobre.

Tres dos meus irmáns marcháronse a Cuba e seguían alí cando estalou a guerra aquí. O primeiro en marchar foi Xoan que se foi antes de que eu nacera, 6 anos despois marcharon Raul e Francisco, cando eu tiña 3 anos. Foron a Cuba porque os irmáns da miña nai, os meus tíos, xa marcharan antes e estaban facendo moito diñeiro.

Meus irmáns casaronse alí e fixeron alí a súa vida, o único que volveu para España foi Raul, cando chegou ó poder de Cuba Fidel Castro que se lles quedou con todo, e volveu sin nada, e os outros dous irmáns tiveron que marchar para Miami, e tamén se foron sin nada. Un deles estivo refuxiado un

tempo na embaixada Española e ó outro non o deixaron saír de Cuba mentres non arreglou un televisor que tiña avariado.



1920 aprox. A segunda pola esquerda é miña avoa. Na foto cos seus pais e sete dos seus irmáns. O Fontao (Carantoña).

Eu nunca tiven coche antes de casar, xa tiña tres fillos cando o tivemos por primeira vez.

Casei ós 27 anos, no 1944. Nunca traballei fóra da casa. Tiven 5 fillos e cando casei fun vivir a Ferrol porque o meu home traballaba na Maestranza. Pasei alí case toda a vida, pero cando os meus fillos se foron casando marcharon a vivir a Coruña, así que o meu home e máis eu viñemos a vivir a Coruña hai 10 anos onde tamén viven catro dos meus 5 fillos.

Quedei viúva con 83 anos, meu home tiña 88 anos cando morreu pero xa había un bo tempo que fixeramos as “vodas de ouro

3ª parte

Miña avoa aínda hoxe con 90 anos calceta, fai ganchillo, fai vainica, vai a clases de cociña, pasea polo parque e nunca dí que non a nada, gústalle saír e viaxar, pero unha vez foi cos do Insero e dixo que non quería volver porque eran moi vellos e moi aburridos.

Ten 9 netos e 4 bisnetos e agora acaba de estar fóra dous meses, porque foi a Cádiz a coñecer a un novo bisneto.

Unha vez hai uns anos tivo un infarto e puxéronlle un marcapasos, e puxéronna a réxime de sal, pero ela non fai moito caso e come de todo, sardiñas, marisco e gústalle de todo e ir a tódalas festas, tamén, ás veces, bebe un pouco de viño e eu algunha vez a vin tomar unha cervexa.



1944. Libro de familia. Casou o 5 de xulio con José M^a Varela Garabana, o meu avó.

Hai pouco celebrámoslle o seu 90 cumpreanos e alí estaba tamén a súa irmá Carmen que ten 92 anos, e fixémoslle unha gran festa.



2006.A miña avoa a dereita coa súa irmá Carmen. A Coruña